- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas.
- Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas.
- Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real.
- Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados.
- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.
- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.
- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD	Título da UD	Duración
12	Estatística	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas e cuantitativas. Pón exemplos de poboación, mostra e individuo.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas.</li> <li>- Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos)</li> <li>- Medidas de centralización: interpretación e cálculo.</li> <li>- Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Matemáticas para a vida en sociedade	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.		
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Os criterios metodolóxicos que presiden a elaboración do Proxecto Curricular de Matemáticas para a etapa de Educación Secundaria asumen unha concepción constructivista da aprendizaxe. Isto implica ter en conta o punto de partida do alumno e o proceso que este segue para elaborar os conceptos matemáticos.

O nivel anterior de contacto coas matemáticas dos alumnos e as alumnas maniféstase nos coñecementos previos. A partir destes construímos novos conceptos, traballando sobre unha gran variedade de situacións concretas. Procédese por aproximacións sucesivas, desde a meramente manipulativa e a comprensión intuitiva, pasando por etapas intermedias de representación (mediante debuxos, esquemas, gráficos, etc.), ata a comprensión razoada co manexo de notacións, figuras e símbolos abstractos.

As estratexias e técnicas metodolóxicas a seguir sintetízanse da seguinte forma:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras

aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.

- Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidade.
- Unidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
- Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar a interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.

Os criterios metodolóxicos plásmanse nas unidades didácticas. En cada unha delas contémpanse as seguintes fases:

- Formúlase unha situación problemática da vida cotiá próxima ós estudantes, que pretende conectar con eles e promover actitudes positivas cara a aprendizaxe.
- Actualízanse os coñecementos previos directamente relacionados cos contidos da unidade.
- No desenvolvemento de cada contido, pártese de contextos do entorno do alumno e promóvese a observación de situacións concretas para obter conclusións matemáticas ou preparatorias de conceptos matemáticos.
- Atendendo ó carácter marcadamente procedimental das matemáticas, no que inciden con tanto énfase os currículos, desenvólvense técnicas e estratexias de resolución de problemas e promóvese a utilización e aplicación das mesmas.
- Ademais das conexións interdisciplinares que se establecen con outras áreas, a través dunha rica variedade de contextos, achégase unha visión cultural das matemáticas. Para elo transcribíranse apuntes biográficos de grandes matemáticos e de aplicación dos contidos matemáticos na sociedade moderna.

#### MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

##### A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilízase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

##### Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

##### Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combínanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

##### Método tutorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

##### Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

#### TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

##### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

##### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e

menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Edixgal).
Caderno da/o alumna/o e ferramentas de escritura.
Fichas de actividades de consolidación, de reforzo e de ampliación.
Materiais manipulativos (xogos matemáticos ou corpos xeométricos para o traballo da xeometría, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Calculadora científica
Outros recursos TIC (Software específico como Geogebra, vídeos, ...).

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

En todos os cursos de ESO está implantado o programa Edixgal polo que o alumnado conta con ordenador persoal que lle permitirá empregar esta plataforma, así como a posibilidade de empregar a aula virtual do centro. Ademais precísase dos materiais comúns da aula, dende mesas, cadeiras, encerado, ordenador de aula, proxector, calculadora científica.

Para levar a cabo o desenvolvemento de cada unha das unidades didácticas utilizaranse materiais elaborados polos docentes (apuntamentos, boletíns, mapas conceptuais, material de reforzo).

Ademais da plataforma Edixgal farase uso das TIC co emprego do correo electrónico para a comunicación entre alumnado e profesorado e diferentes programas matemáticos como Geogebra, vídeos tutoriais, actividades interactivas, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é aquela que se leva a cabo ao comezo dunha nova secuencia de aprendizaxe para rexistrar e para diagnosticar as habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos dos alumnos e das alumnas respecto aos novos contidos que se van tratar e para apreciar e para valorar as diferenzas que existan dentro do grupo. Entre os medios que se utilizan para levala a cabo están a análise da documentación existente no centro sobre os alumnos e sobre as alumnas, os informes do profesorado, os resultados de avaliacións anteriores, os cuestionarios, as respostas orais ou escritas, as tarefas nas que se poida observar a secuencia de pasos do contido procedemental que se desexe observar, etc.

Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	6	6	6	6	6	6	5	6	6
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	6	6	30	100
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	70
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	30

### Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliacións parciais durante curso. A cualificación de cada avaliación obterase a partir do seguinte baremo:

- O 70% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas.
- O 30% restante da nota da avaliación obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán os traballos propostos (individuais ou cooperativos), o caderno de aula, a observación diaria na aula, as actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan, pequenas probas de control tanto orais como escritas.

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

As normas e criterios xerais de cualificación, serán as seguintes:

- Asignarase unha cualificación de 0 a 10 en cada apartado.
- A cualificación de cada proba será un valor numérico de 0 a 10.
- Na corrección das probas escritas terase en conta que:
  - Nestas probas valorarase o uso de vocabulario e notación científica.
  - Os exercicios deberán desenvolverse de forma razoada explicando sempre que é o que se quere facer e por que.
  - A comparecencia non xustificada (sen documento oficial) suporá unha cualificación de 0 nesa proba. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, a profesora pode establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que teña do/a alumno/a ata ese momento.
  - Copiar nun exame suporá a unha cualificación de 0 nesa proba, sendo necesario repetir dita proba outro día.
  - En cada avaliación realizaranse as probas escritas que se consideren oportunas, cun mínimo de dúas que se basearán nos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación.
  - As probas escritas serán elaboradas con preguntas que teñan todas o mesmo peso específico, salvo que se indique o contrario no enunciado das mesmas.
  - A nota das probas específicas de cada avaliación, obterase da media de todas as probas realizadas ao longo da avaliación.

- Para aprobar a avaliación a nota obtida terá que ser igual ou superior a 5.
- Cada avaliación terá unha recuperación, individualizada ou dentro dos contidos progresivos necesarios noutras probas.
  - A nota global de recuperación da avaliación pasará a ser a nota a ter en conta cara á media de xuño, sempre e cando sexa maior que a cualificación outorgada na correspondente avaliación.
  - Unha vez rematadas as tres avaliacións parciais obtense unha nota final que será a media das tres avaliacións. Para superar a materia esta media debe ser igual ou superior a 5.
  - De non ser o caso anterior, poderase realizar unha proba escrita (de contidos mínimos) para recuperar todos aqueles contidos que non foran superados durante o curso. A nota desta proba será a nota final do curso.

### **Criterios de recuperación:**

- Cada avaliación terá unha recuperación, individualizada ou dentro dos contidos progresivos necesarios noutras probas.
  - A nota global de recuperación da avaliación pasará a ser a nota a ter en conta cara á media de xuño, sempre e cando sexa maior que a cualificación outorgada na correspondente avaliación.
  - Unha vez rematadas as tres avaliacións parciais obtense unha nota final que será a media das tres avaliacións. Para superar a materia esta media debe ser igual ou superior a 5.
  - De non ser o caso anterior, poderase realizar unha proba escrita (de contidos mínimos) para recuperar todos aqueles contidos que non foran superados durante o curso. A nota desta proba será a nota final do curso.
  - A nota final da convocatoria ordinaria, neste caso, será a media das tres avaliacións, tendo en conta as recuperacións correspondentes, ou, polo contrario, a nota da proba final de contidos mínimos. Para que un alumno ou alumna aprobe, esta media/proba deberá ser igual ou superior a 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non procede.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. A continuación cítanse as medidas que poderemos tomar co alumnado que as precise durante o curso escolar actual.

#### **MEDIDAS ORDINARIAS**

Aquelas que facilitan a adecuación do curriculum (SEN alteración significativa de obxectivos, contidos ou criterios de avaliación) ao contexto sociocultural do centro e características do alumnado.

Para este curso escolar e os grupos de 1º ESO concretamos as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e organización e xestión da aula ás características do alumnado (horarios, titorías, flexibilidade)
- Adecuación da programación ao alumnado e características da contorna (deseñar tendo en conta a diversidade, colaboración, recursos, e en base ao deseño universal de aprendizaxe (DUA).
- Metodoloxías de traballo colaborativo, titoría entre iguais e pro estos.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación (secuenciación de tarefas, diferentes probas, verificación da comprensión, mais tempo).

Aínda que, en principio non se van empregar debemos deixar constancia doutras medidas que podemos aplicar como son atención á aplicación dos diferentes PROTOCOLOS elaborados pola Consellería, aulas de atención educativa e convivencia, reforzo e apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e/ou profesorado que imparte ( en

todo momento do curso, na aula, reflectido nas actas mais non require autorización expresa mais é recomendable informar, pode considerarse requisito para acceder a outras medidas) ou programa de habilidades e competencias sociais (como complemento ás medidas correctoras e traballado transversalmente).

#### MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Aquelas que son dirixidas a dar resposta a necesidades educativas do alumnado que poden requirir modificacións significativas do currículum e cambios en organización, elementos de acceso ou modalidade. Aplícanse unha vez esgotadas as ordinarias:

Dadas as características dos grupos de 1º ESO neste curso escolar será necesario aplicar algunha medida de atención á diversidade extraordinaria. En concreto, debe realizarse unha adaptación curricular e contar co apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.

A continuación deixase constancia das medidas dispoñibles por se fose preciso tomar man dalgunha, quedando dispoñibles as adaptacións curriculares, apoio polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, flexibilización da duración do período de escolarización, atención ao alumnado que presenta dificultades de asistencia continuada (domiciliaria, hospitalaria, virtual), atención ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal, medidas de protección e tutela, medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar, atención a alumnado procedente do estranxeiro, agrupamentos flexibles, atención a alumnado pertencente à familias itinerantes, grupos de adquisición de linguas, grupos de adaptación da competencia curricular ou atención a mozas embarazadas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X		X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital								
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X		
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X		
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X		
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X		
ET.9 - A formación estética								
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita				X	
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores				X	X
ET.6 - A igualdade de xénero				X	X
ET.7 - A creatividade	X	X		X	X
ET.8 - Educación para a saúde				X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X		X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Papiroflexia	Realizar talleres de papiroflexia en distintos momentos do curso.	X	X	X
Charla polo día Internacional da Muller e a Nena na ciencia	Realizárase no propio centro e contarase coa presenza dunha muller matemática.		X	
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Participación no Estalmat	Co obxectivo de participar activamente na busca de talentos matemáticos e fomentar o interese por participar nun futuro nas olimpíadas matemáticas de 2º de ESO organizadas pola AGAPEMA proporase ao alumnado participar no proceso de selección do proxecto Estalmat.			X



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Metodoloxía empregada
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

### Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

## **9. Outros apartados**